



BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS DE APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE AS SOMOZAS 2024

Artigo 1.–Obxecto.

O obxecto destas bases é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas ás familias do Concello de As Somozas durante a anualidade de 2024, cunha dobre finalidade, o fomento da natalidade como medida complementaria de apoio ás familias e a fixación de poboación no termo municipal.

Artigo 2.–Natureza e contía da axuda.

1. Segundo o establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas que se outorguen conforme a presente ordenanza terán a natureza de subvención directa.

2. As axudas terán as contías que de seguido se indican, para os/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024:

- 1.000,00 euros polo/a primeiro/a fillo/a nado/a, adoptado/a ou acollido/a.
- 2.000,00 euros polo/a primeiro/a fillo/a nado/a, adoptado/a ou acollido/a, en caso de padecer unha discapacidade.
- 2.000,00 euros polo/a segundo/a e sucesivos/as fillos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as.
- 3.000,00 euros polo/a segundo/a e sucesivos/as fillos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as, en caso de padecer unha discapacidade.

Artigo 3.–Persoas beneficiarias.

Terán a condición de persoas beneficiarias na data da solicitude da axuda:

1. Beneficiarios conxuntos, serán os proxenitores ou adoptantes, titulares do libro de familia ou documento substitutorio, no que figure rexistralmente o nacemento ou adopción do menor.
2. No caso de que no libro de familia figure un só proxenitor/a ou adoptante, será esta a única persoa beneficiaria.
3. Terá a consideración de persoa beneficiaria un só proxenitor ou adoptante que conviva co menor que motiva a axuda, nos casos de nulidade, separación ou divorcio.
4. No caso de custodia compartida, só poderá ser persoa beneficiaria un dos proxenitores ou adoptantes.

5. No caso de acollemento familiar, serán persoas beneficiarias as que consten na resolución de acollemento.

En ningún caso poderán ser persoas beneficiarias os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos e fillas ou o se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 4.–Requisitos.

1. Os pais/nais, titores ou acolledores, ou polo menos un dos proxenitores, deberán estar empadroados no Concello de As Somozas cunha antelación mínima de doce meses antes do parto.

2. Os menores nados, adoptados ou acollidos, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de As Somozas.

3. A persoa ou persoas solicitantes da axuda deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, tanto eles como os menores obxecto da axuda, por un período mínimo de 3 anos dende a data da concesión de algunha das axudas recollidas nas presentes bases. O empadroamento suporá a residencia efectiva no termo municipal de As Somozas, segundo o recollido no artigo 15 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello de As Somozas solicitando os informes oportunos. (Anexo 2)

4. Que o menor conviva coa persoa solicitante.

5. Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e de non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello das Somozas, segundo o modelo establecido.

5. Estar ao corrente cos obrigas tributarias coa Seguridade Social e coas Administracións Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local.

Artigo 5.–Solicitudes, lugar e prazo de presentación.

1.- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, na sede electrónica do concello de As Somozas: <https://assomozas.sedelectronica.gal> , no Rexistro do Concello ou calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, co modelo de solicitude contido no Anexo I das presentes Bases.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) DNI dos pais, titores ou acolledores do menor.

b) Fotocopia do libro de familiar ou documentación substitutiva.

c) Copia do acto xudicial de adopción, de ser o caso.

d) Copia da resolución de acollemento familiar, de ser o caso.

e) Volante de empadroamento colectivo, onde conste a data de inscrición do menor, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta.

f) Copia da resolución xudicial que estableza a quen corresponde a garda e custodia do menor, nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.

- g) Certificado de IBAN bancario no que constará como titular a persoa solicitante.
- h) Compromiso de continuar empadroados no Concello de As Somozas, segundo o anexo II.
- i) Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos precisos para ser persoa beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa declarado por parte do Concello de As Somozas que non se cumpre con algún dos requisitos da presente convocatoria. (Anexo 2)
- j) Declaración responsable de ambos proxenitores de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta. (Anexo 3)

2.- As solicitudes presentaranse no prazo máximo de 6 meses dende o nacemento, resolución xudicial de adopción ou resolución administrativa de acollemento, e dentro do periodo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024

Artigo 6.-Instrución e procedemento.

Os servizos sociais do concello de As Somozas comprobarán que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así requiriráselle a persoa interesada, para que no prazo de 10 días, emende ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que non ser así, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 38/2015, do 1 de outubro, se entenderá que desiste da súa solicitude.

O persoal técnico de servizos sociais elaborará un informe-proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución definitiva. O prazo máximo para resolver será de tres meses, dende a data de presentación da solicitude.

Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda.

Serán causas de denegación:

- Non cumprir algún dos requisitos establecidos nas presentes bases
- Presentar a solicitude fora de prazo
- Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida establecida para esta finalidade.
- Falsidade documental.

Contra a resolución poderán interpoñerse os recursos pertinentes segundo a lexislación vixente, tendo en conta que ésta pon fin a vía administrativa.

Artigo 7.- Financiación.

As axudas comprendidas na presente convocatoria financiaranse con cargo a aplicación orzamentaria 2024-231-48000 do orzamento municipal para 2024,, realizándose unha retencion de crédito por 5000,00 euros

5.000,00 €.

Esa aplicación poderá ser ampliada se fose necesario, en aplicación da normativa orzamentaria das entidades locais.

Artigo 8.–Compatibilidade con outras axudas.

Está axuda será compatible con calquera outra establecida polas administración públicas ou calquera dos seus organismos.

Artigo 9.–Deberes das persoas beneficiaras.

A presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases, quedando as persoas solicitantes obrigadas a comunicar ó Concello de As Somozas calquera circunstancia que modifique os requisitos declarados para obter a axuda. Quedan obrigadas tamén a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos na presente bases.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar á inmediata devolución da axuda percibida, cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se poideran esixir.

Artigo 10.–Infraccións e sancións.

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 11.–Normativa supletoria.

En todo o non previsto nestas bases aplicarase o disposto nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións e demais normativa de réxime local aplicable.